



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón (A Coruña)
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

ANUNCIO: APROBACIÓN DAS DATAS DE CELEBRACIÓN DA FESTA DA PASCUA 2026.

En cumprimento do establecido na condición 11 do prego que rexe a licitación das autorizacións para o uso temporal do dominio público municipal para a instalación de atraccións feirais no Concello de Padrón con motivo das festas de Pascua 2024-2027, faise público que por acordo da Xunta de Goberno Local do 23 de decembro de 2025, acordouse:

<<**Primeiro.** Aprobar as seguintes datas de celebración da festa da Pascua 2026:

- Inicio da montaxe das instalacións: o 22 de marzo de 2026 a partir das 19:00 horas unha vez recollido o mercado dominical e realizada a limpeza do mesmo.
- Inicio das festas e da posta en funcionamento das actividades: o 27 de marzo de 2026 ás 17:00 horas.
- Remate das festas e do funcionamento das actividades: o 12 de abril de 2026.
- Data máxima para a desmontaxe das instalación: o 17 de abril de 2026 ás 23:59 horas.

Segundo. As persoas titulares das autorizacións concedidas por Decreto do Alcalde 220/2024, do 14 de marzo (corrección de erros por DA 224/2024, do 14 de marzo), Decreto 226/2024, do 15 de marzo, Decreto 237/2024, do 19 de marzo, Decreto 189/2025, do 5 de marzo, Decreto 289/2025, do 4 de abril, e Decreto 292/2025, de 8 de abril (corrección de erros DA 296/2025, 8 de abril), deberán proceder ao pagamento do prezo de adxudicación da parcela ou parcelas, correspondente ao exercizo 2026, no prazo máximo de 10 días naturais contados desde a publicación deste acordo no BOP, empregando para elo o Modelo de autoliquidación que se recolle como Anexo A ao prego de condicións aprobado no exercizo 2024 e que se pode descargar da páxina web do Concello (www.padron.gal).

No suposto de que o licitador-adjudicatario non cumprimentase este pagamento no prazo sinalado declararase extinguida a autorización e procederase á adxudicación ao licitador coa seguinte oferta máis ventaxosa economicamente de acordo á listaxe realizada pola Mesa de Licitación, de existir. Para o suposto de non constar ningunha outra oferta o Concello de Padrón poderá convocar un novo procedemento de adxudicación.

Terceiro. Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais de Intervención e Tesourería.

Cuarto. Publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na páxina web (www.padron.gal), no Taboleiro de anuncios electrónico do Concello (<https://sede.padron.gal/sxc/gl/informacion>) e no da Casa do Concello, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra o cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ante o señor Alcalde.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

Padrón, 26 de decembro de 2025

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca